



## ANUNCIO DO INICIO DE TRÁMITE DE VENDA MEDIANTE XESTIÓN E ADXUDICACIÓN DIRECTA.

Unha vez que tivo lugar a poxa de data 11 de abril de 2018 na Delegación da Coruña da Axencia Tributaria de Galicia, e non sendo adxudicados nin en primeira nin en segunda licitación os bens obxecto da mesma que se citan a continuación, a Mesa acorda pasar ao trámite de adxudicación directa por un prazo máximo de 6 meses, de acordo co Art. 107 do Regulamento xeral de recadación.

Bens obxecto deste procedemento:

### LOTE 1

Ben: Pleno dominio con carácter privativo do solo sen edificar sito na rúa Cruz Outenín, 43 A, no concello de Santiago de Compostela. Dunha superficie de 596 m<sup>2</sup>. Anotación de embargo por suspensión como predio 52327 no Rexistro da Propiedade número 2 de Santiago de Compostela. Predio catastral nº 15079A509010410000FP  
Valor: 40.065,50 €  
Cargas: 0 €  
Tipo de poxa: 40.065,50 €

### LOTE 3

Ben: Inmuble urbano de uso residencial sito no lugar de Anllóns Grande, número 19, concello de Ponteceso, cunha superficie construída de 486 metros cadrados. Predio con número de identificación catastral 9461304NH0896S0001RJ, predio 7257 do Rexistro da Propiedade de Carballo.  
Valor: 87.146,03 €  
Cargas: 22.081 €0 €  
Tipo de poxa: 65.065,03 €

### LOTE 6

Ben: Edificio sinalado co número 14 da Rúa Real, número 40 antigo, do Porto de Corme, concello de Ponteceso, que consta de andar baixo, primeiro e segundo, facendo unha superficie construída de 240 metros cadrados, con patio unido dunha superficie de 83 metros cadrados. Predio adquirido a través de escritura outorgada ante o notario Manuel M<sup>a</sup> Romero Neira do 4 de outubro de 2006 por M<sup>a</sup> Cristina Torre Cervigón, titular rexistral do predio número 14693 inscrita no Rexistro da Propiedade de Carballo. Dunha superficie de 240 metros cadrados. Inscrita no Rexistro da propiedade de Carballo, número de predio 14693. Referencia catastral 3104506NH0930S0001AA.  
Valor: 536.920,50 €  
Cargas: 0 €  
Tipo de poxa: 536.920,50 €

### LOTE 7

Ben: 50 % pleno dominio con carácter privativo de predio a horta chamado Foxo e Agra do Foxo, sita en San Vicenzo de Elviña na cidade da Coruña, dunha superficie de 893 metros cadrados. A súa referencia catastral é 8883831NH4988S0001FI. Predio número 23155 do Rexistro da Propiedade número 6 da Coruña.  
Valor: 33.957,50 €  
Cargas: 0 €  
Tipo de poxa: 33.957,50 €

### LOTE 13

Ben: 1/8 da núa propiedade de predio urbano sito na rúa Paz, 25, de Palas de Rei, provincia de Lugo, dunha superficie de 348 metros cadrados e parcela de 135 metros cadrados. Predio número 13647 do Rexistro da Propiedade de Chantada. Referencia catastral 2574519NH9427S0001WWW.  
Valor: 18.779,85 €  
Cargas: 0 €  
Tipo de poxa: 18.779,85 €



LOTE 14

Ben: Vivenda sita na rúa Amapola, 6-8, 2º B, Urbanización Hospital do Concello de Carballo, cunha superficie de 81,10 metros cadrados. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Carballo, número de predio 42333.  
Valor: 97.842,82 €  
Cargas: 0 €  
Tipo de poxa: 97.842,82 €

LOTE 15

Ben: 50 % do pleno dominio con carácter privativo da casa sita no lugar da Gándara, parroquia de Lariño, concello de Carnota. Consta de andar baixo, cunha superficie de 118 m2, andar primeiro cunha superficie de 113 m2, andar segundo cunha superficie de 113 m2 e faiado cunha superficie de 47 m2. Ten unha edificación unida de andar baixo cunha superficie de 86 m2 e andar alto cunha superficie de 21 m2. Todo está nun soar de 241 m2. Rexistro da Propiedade de Muros, predio número 5583.  
Valor: 109.257,10 €  
Cargas: 78.214 €  
Tipo de poxa: 31.043,10 €

LOTE 16

Ben: Rocho sinalado co número 2, que forma parte do edificio con fronte á rúa Camiño da Igrexa, números 12-14, na cidade da Coruña, sito no andar de semisoto e dunha superficie útil aproximada de 4,15 m2. Inscrita no Rexistro da Propiedade da Coruña número 6, con número de predio 19093.  
Valor: 2.477,75 €  
Cargas: 0 €  
Tipo de poxa: 2.477,75 €

LOTE 21

Ben: Piso primeiro sito no edificio sinalado co número 63 da avenida de Oza (antes 133 da avenida General Sanjurjo) na cidade da Coruña. Ocupa a superficie de 107,50 m2. Rexistro da Propiedade número 6 da Coruña, predio 6584. Referencia catastral 9106415NJ4090N0003DH  
Valor: 165.000,00 €  
Cargas: 0 €  
Tipo de poxa: 165.000,00 €

LOTE 22

Ben: Vehículo Mercedes-Benz 109 CDI. Bastidor WDF63960113304187. Matrícula 4261FKG.  
Valor: 3.060,00 €  
Cargas: 0 €  
Tipo de poxa: 3.060,00 €

Ábrese o prazo dun mes para presentar as ofertas en sobre pechado. Indicarase o nome, apelidos, NIF, domicilio e teléfono do ofertante. A Mesa da poxa procederá á apertura das ofertas ao final deste prazo. Os bens adxudicaranse se algunha das ofertas se considerara suficiente, noutro caso, expoñerase no taboleiro de anuncios desta delegación e da zona de recadación, a extensión do prazo por un mes máis, para a achega de novas ofertas ou mellora das xa presentadas, e así sucesivamente, ata completar o prazo máximo de 6 meses, sempre e cando á finalización do prazo de cada mes, non se consideraran suficientes economicamente as ofertas presentadas ata ese momento.

De conformidade co previsto na Instrución da Dirección Xeral de Tributos número 11/2000, de 30 de novembro de 2000 pola que se establece o procedemento para o alleamento de bens, esixírase que xunto as ofertas que se presenten sobre os lotes nº 1, 3, 6, 7, 13, 14, 15, 16, 21 e 22 se achegue un anticipo do 10% do tipo sinalado na poxa e que consta salientado neste anuncio, mediante cheque conformado a nome de "Tesouro Facenda Galega", procedendo á súa devolución aos ofertantes que non resulten adxudicatarios, aplicándose ese depósito no modo previsto na referida Instrución 11/2000.



Non haberá prezo mínimo para a adxudicación dos bens, de acordo co previsto no Art. 107.4 a) e b) do Regulamento xeral de recadación, aprobado por RD 939/2005, segundo cal, non existirá prezo mínimo de adxudicación cando os bens foran obxecto de poxa con dúas licitacións. A apertura dos sobres pola Mesa no prazo fixado terá carácter reservado e, de non considerarse ningunha das ofertas economicamente suficiente, poderase comunicar persoalmente a cada un dos ofertantes que disporán dun novo prazo dun mes para mellorar as súas licitacións, ademais do correspondente anuncio de ampliación do prazo.

Cando as ofertas se envien por correo, o ofertante deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e comunicar á Mesa a remisión da súa oferta por calquera medio que permita deixar constancia. O incumprimento destes requisitos suporá a non admisión daquelas ofertas recibidas con posterioridade á finalización do prazo establecido.

As ofertas presentadas deberán indicar a vixencia de validación das mesmas. En caso contrario, considerarase que estas teñen validez durante todo o prazo de trámite de adxudicación directa.

No caso de que, unha vez subscrita a adxudicación mediante acta, o adxudicatario non realizara o pagamento no prazo de 15 días hábiles, aplicarase o importe do depósito que no seu caso se constituíra, á cancelación das débedas obxecto do procedemento, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera incurrir polos prexuízos ocasionados pola falta de pagamento do prezo do remate.

A adxudicación formalizarase mediante acta, ingresando o adxudicatario nese mesmo momento, o importe do sinal ou anticipo. Unha vez ingresado o prezo total concertado, entregarase ao adxudicatario o certificado da acta de adxudicación. A entrega dos bens realizarase unha vez xustificado o pagamento, non suxeición ou exención dos tributos que graven a transmisión.

De non producirse o ingreso no prazo de 15 días hábiles, procederase á adxudicación do ben aos seguintes ofertantes se as súas ofertas se consideran suficientes ou ben, a abrir o prazo dun novo mes para a achega de ofertas se non finalizara o prazo máximo dos 6 meses.

A Coruña, a 11 de abril de 2018

O secretario da Mesa

Joaquín E. Cotarelo Casal